



## O tesouro insólito Álbum comarcal

As preto de 50 fotos que Maruja Roca conservou, inéditas até agora, divíden-se en imaxes familiares e fotografías de carácter etno-gráfico. Sobre estas liñas, os seus fillos «cos primeiros vaqueiros que se viron en Becerreá, un agasallo duns amigos dos pais», conta Suso López. A seu carón, dúas xitanas vindas do sur de España e Manolín das aguilladas, un ambulante. No centro, os pequenos disfrazados de xitanos no barrio de Valicedo. Abaixo, de esquerda a dereita: un vago bundo, un vendedor de leña e o carboeiro, «que facía carbón no monte e o viña vender á vila, e que na foto se sitúa na estrada que estaban picando naquel momento, que ía ir de Becerreá a Quiroga, pero que nunca se chegou a rematar», indica.

